# PxA

CAPÍTULO 1 e 3

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
IES PRAIA BARRAÑA

Avda. Compostela, s/n
15930 BOIRO
881866601 FAX 881866609
ies.praia.barrana@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iespraiabarrana

**PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL**

A Programación Xeral Anual é un instrumento de planificación das actividades dun curso escolar. A súa función é a de garantir a actuación coordinada de tódolas estruturas organizativas e dos equipos de coordinación docente, proporcionar a participación e colaboración de tódolos sectores da comunidade educativa e definir a distribución responsable das tarefas e actividades, para acadar os obxectivos do Centro.

# Índice PXA


- **Capítulo I** 3
- **Anexos do capítulo 1** 39
- **Capítulo III** 47
- **Anexos do capítulo 2** 86
    - **Plan Lector Anual**
    - **Programación Anual para a Biblioteca Escolar**
    - **Plan de Normalización e Dinamización Lingüística Anual**
    - **Proxecto deportivo de Centro. Concreción anual**
    - **Plan Anual de Integración das TICS**
    - **Plan de Atención á diversidade. Concreción anual**
    - **Plan de Acción titorial. Concreción anual**

# CAPÍTULO I

**O capítulo I desta Programación Xeral Anual para o curso 2023/2024 foi aprobada polo Consello Escolar do centro o día 1 de setembro e polo Claustro do día 6 de setembro de 2023.**

# Índice


**1. O CENTRO** 6
- **1.1. CARACTERÍSTICAS SIGNIFICATIVAS** 6
- **1.2. O ALUMNADO** 6
- **1.3 O CLAUSTRO** 6
- **1.4 PERSOAL NON DOCENTE** 7
- **1.5. EQUIPO DIRECTIVO** 7
- **1.6 EQUIPO DA BIBLIOTECA** 7
- **1.7 EQUIPO DE DINAMIZACIÓN E NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA** 7
- **1.8 EQUIPO TIC** 7
- **1.9 EQUIPO DE ACCIÓN CULTURAL** 8
- **1.10 CONSELLO ESCOLAR** 8
- **1.10 PROFESORADO TITOR** 9

**2. PLAN XERAL ANUAL** 9
- **2.1 OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO 2023-2024** 9
- **2.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS** 10
  - 2.2.1 Función directiva do equipo 10
  - 2.1.2 Horarios 11
  - 2.1.3 Oferta educativa 11
  - 2.1.4 Documentación 12
  - 2.1.5 Investigación educativa e innovación 13
  - 2.2.2 Secuenciación e planificación 14
  - 2.2.3 Avaliació 14
  - 2.1.6 Órganos de xestión 15
  - 2.1.7 Transporte 16
  - 2.1.9 O económico 16
  - 2.1.10 Comunicación 17
  - 2.1.11 Espazos, recursos e materais de aprendizaxe 17
  - 2.1.12 Acción titorial, orientación pedagóxica e profesional 18
  - 2.3.1 Convivencia, mediación e resolución de conflitos 19
  - 2.3.2 Inclusión e igualdade e atención á diversidade 21
  - 2.3.4 Desenvolvemento emocional, físico e do benestar 22

**3. CALENDARIO ESCOLAR** 24

**4. HORARIO DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO** 28
- **4.1 HORARIO XERAL** 28
- **4.2. HORARIO LECTIVO** 28
- **4.3. HORARIO DE FUNCIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS** 28
- **4.4. HORARIO DO CENTRO EN PERIODOS NON LECTIVOS** 29

**5. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS** 29
- **5.1 TRANSPORTE** 29

**6. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN** 31
- **6.1 TEMPORALIZACIÓN DA AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN** 31
- **6.2 ATENDENDO AO LUGAR DENDE O QUE SE SERÁ AVALIADA ESTA PROGRAMACIÓN** 31
- **6.3 OS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN1** 32
- **6.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN** 32

**72**

# 1. O CENTRO

## 1.1. CARACTERÍSTICAS SIGNIFICATIVAS

No anexo se inclúe unha imaxe detallada do contexto e unha análise dos puntos débiles e fortes dos que parte esta programación xeral anual.

## 1.2. O ALUMNADO

No curso actual, 2023/2024, o IES ten unha matrícula de catrocentos dez estudantes que se distribuirán en dezaoito grupos: dúas liñas en 1º, 2º e 4º de ESO, e catro liñas en Bacharelato. A excepcionalidade está en 3º de ESO, este ano unicamente contamos cunha liña cunha ratio de 30, dentro do grupo contamos coa 8 persoas matriculadas no programa de diversificación curricular que implemetamos neste curso escolar 2023-2024. Este programa de diversificación retomámolo tras a paréntese o Programa de Mellora da Aprendizaxe ( PMAR) da LOMCE.

| Curso | Alumnado |
|---|---|
| Ed. Especial | 5 |
| 1ºESO | 47 |
| 2ºESO | 48 |
| 3ºESO | 30( 8 PDC) |
| 4ºESO | 52 |
| 1ºBACH | 115 |
| 2ºBACH | 118 |

## 1.3 O CLAUSTRO

O Claustro está formado por un cupo concedido de 40  docentes máis as dúas especialistas e Pedagoxía Terapéutica e  unha praza de Relixión.

Contamos con oito (8) vacantes. Catro vacantes determinadas por comisións que non computan para cupo: Francés, Xeografía, Lingua Castelá e Tecnoloxía. Ás que se engaden tres ( 3)vacantes ordinarias, unha delas deterinada pola xubilización no mes de agosto dunha profesora pertence ao departamento de Lingua Galega.

As vacantes solicitados son: O noso centro ten adxudicadas dúas comisións de servizo:

1. **Bioloxía** con afín **Física e Química: Verónica Otero Domínguez**
2. **Filosofía** con **Inglés: Raúl Lojo Dieste**

3. **Matemáticas** con **Tecnoloxía: Xosé Antón Mosquera Longueira**
4. **Lingua Galega e Literatura: Carme Fernández García**
5. **Lingua Galega e Literatura: Xacinta Varela Martínez**
6. **Lingua castelá con Francés: María Ángles Pita Pérez**
7. **Lingua Castelá e Literatura** e **Debuxo: Paula María Tomé Espiñeira**
8. **Historia** con **Economía** e **Inglés: Elsa María Miguel Louredo**

Este curso escolar contamos con dúas (2) adxudicacións definitivas no centro:

1. **Filosofía: José Carou Rey**
2. **Lingua Galega e Literatura: Carme Fernández García** ( en permuta)

## 1.4 PERSOAL NON DOCENTE

Actualmente o centro dispón de un administrativo, dúas persoas conserxes e tres limpadoras, unha de horario de mañá e dúas de tarde.

O horario e funcións do persoal docente están incluídas nas NOF do centro e as súas actualizacións e concrecións recóllense na documentación anexa a este plan tras a reunión celebrada na primeira semana do curso.

O servizo de cafetería faise por concurso público.

## 1.5. EQUIPO DIRECTIVO

O equipo directivo está composto de catro membros:

- Directora (en comisión se servizos) : Andrea Herrero Pérez
- Xefe de estudos: Beatriz Harguindey García
- Vicedirector: Iván Folgueira Pérez
- Secretaria: María Otero Sánchez

## 1.6 XEFATURAS DE DEPARTAMENTO

- Artes Plásticas: Pascual Vidal González
- Ciencias Naturais: Ana Isabel Urbieta Balado
- Educación Física e deportiva: Pilar Barros Castro
- Filosofía: Luis Carlos Rodríguez Río
- Física e Química: Gerardo Aller Camiña
- Francés: Patricia Fernández Llamas

- Inglés. María Luisa Martínez Muñiz
- Latín: Helena García Gonzalez
- Lingua castelá e literatura: Silvia María Lampón Hermo
- Lingua galega e literatura: María José García Merino
- Matemáticas: Carolina Fernández Peña
- Música: Mónica Suárez Carreño
- Orientación: Miguel Ángel Saa Ramos
- Relixión: María Isabel Ventoso Millet
- Xeografía e Historia: Roberto Agrelo Tubío

## 1.6 EQUIPO DA BIBLIOTECA

O equipo directivo está coordinado por Gisela González Iglesias.

O equipo está formado por: Francisco Blanco, Esther Fernández, Helena García, María García, Nieves González Silvia Lampón, Maria del Carmen Rodríguez, Miguel Saa, Teresa Sumay e Pascual Vidal

## 1.7 EQUIPO DE DINAMIZACIÓN E NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O equipo está coordinado formado por: Xacinta Varela Martínez, Gisela González Iglesias, Francisco Blanco e Iván Folgueira Pérez.

## 1.8 EQUIPO TIC

O equipo está coordinado por José Manuel Resúa e ampliado coa coordinación da aula virtual por Daniel Conde Lorenzo.

## 1.9 EQUIPO DE ACCIÓN CULTURAL

Identificado como *Barrana enreda.* Seguimos contando con este órgano de coordinación horizontal para a dimamización das diferentes áres vinculadas ao cultural. O órgano ten como obxecto a coordinación entre as diferentes estruturas que a conforman. A estrutura está coordinada por Iván Folgueira Pérez, vicedirector do centro. A ela pertencen:

- Gisela González Iglesias, coordinadora da Biblioteca.

- Francisco Blanco Alcaide, coordinador de Artes Plásticas
- Xacinta Varela Martínez, coordinadora do Equipo de Dinamización e Normalización Lingúistica

## 1.10 CONSELLO ESCOLAR

- **Representantes de profesorado**

  - Membros renovados no curso 2022-2023
    - Blanco Alcaide, Francisco
    - Barros Castro, María del Pilar
    - Folgueira Pérez, Iván
    - Vidal González, Pascual ( substitúe a Beatriz Harguindey García por incorporarse ao equipo directivo)
  - Membros escollidos no curso 2021-2022
    - Agrelo Tubío, Roberto Carlos
    - Harguindey García, Beatriz ( substituída por Pascual Vidal González)
    - Rodríguez Lemos, María del Carmen
    - Rodríguez Rodríguez Río, Luis Carlos

- **Representantes de alumnado**
  - Arias Dos Santos, Tiago
  - Bustelo Olveira, Violeta (substituta da alumna de 2º de bacharelato, Dana Barral Laíño)
  - Pérez Silva, Nicole (substituta do alumno de 2º de bacharelato,Óscar Fernandez de Palma
  - Piñeiro Hermo, ,Sergio

- **Representantes de nais, pais, representantes legais**
  - García Santos, Manuel ( escollido no curso 2022-2023)
  - Torrado Leite, Óscar ( escollido no curso 2021-2022)
- **Representantes da ANPA**
  - Filgueira castro, Mercedes

## 1.10 PROFESORADO

- 1ºESO A:Tomé Espiñeira, Paula María
- 1ºESO B: Pita Pérez, María Ángeles
- 2ºESO A: Lojo Dieste,Raúl
- 2º ESO B:Otero Domínguez, Verónica
- 3º ESO A: González Fernández, María de la Nieves
- 3º ESO PDC: Rodríguez Lemos, María del Carmen
- 4º ESO A:García González, Helena
- 4º ESO B: López Fernández, Gustavo Adrián
- 1º BACH. A: Carou Rey, José
- 1º BACH. B:Urbieta Balado, Ana Isabel
- 1º BACH. C: Rivas Pérez, Xosé Manuel
- 1º BACH. D: Ventoso Millet, María Isabel
- 2º BACH. A: Vez Fernández, Purificación
- 2º BACH. B: Fernández Cabaleiro, Esther
- 2º BACH. C: García Merino, María Jesús
- 2º BACH. D: Agrelo Tubío, Roberto

# 2. PLAN XERAL ANUAL

## 2.1 OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO 2023-2024

- Consolidar e mellorar o proxecto educativo de centro vixente e as concrecións curriculares anuais correspondentes para garantir e ampliar un discurso que favoreza á expresión das diversidades, liberdade persoal, responsabilidade, cidadanía democrática, solidariedade, tolerancia, igualdade, respecto e xustiza, así como contribuír a superar calquera tipo de discriminación.
- Concienciar da importancia de reducir o gasto do centro, especialmente en enerxía e papel, e consolidar accións e implementar outras actuacións que insistan no discurso ecosocial que queremos que vertebre o noso centro.
- Ampliar as estruturas horizontais de coordinación e seguir insitindo na necesidade dunha organización escolar colectiva e non departamental e/ou individual.
- Reaxustar o deseños das actividades complementarias e extraescolares para intensificar o seu valor pedagóxico, facelo máis inclusivo e facilitar a xestión dos recursos do centro.
- Facer do centro un espazo de convivencia sano.
- Mellorar a comunicación coa comunidade educativa.
- Abrir unha liña estratéxica que fomente a escasa participación das familias na vida do centro.
- Repensar a xestión e os procedementos avaliativos que determina a LOMLOE.
- Renovar algúns documentos programáticos.
- Continuar e ampliar liñas formativas para o profesorado que acaden continuidade no alumnado:
- Consolidar o arraigo do centro na localidade a través do desenvolvemento de dinámicas xa implementadas cuxo obxectivo é construir un centro que eduque en comunidade onde os axentes do propio centro e tamén os do contexto socioeducativo colaboren estruturalmente no proceso formativo no sentido más amplo ( no académico e no convivencial).

## 2.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

### 2.2.1 Función directiva do equipo

➔ **OBX1** Levar a cabo unha dirección de corte transformacional cunha mirada feminista, ambientalista e que se nutra da interculturalidade.

**1.1** Delegando funcións e responsabilidades e proporcionando, sempre que xexa posible, as ferramentas necesarias que favorezan as iniciativas.

**1.2** Poñendo a vida no centro e outorgando a centralidade a valores e capacidades como o coidado, a solidariedade, a empatía, a autonomía, a autoestima, as relacións afectivas, a comunidade, a participación, en definitiva, o colectivo.

**1.3** Apoiando e xerando dinámicas que xeren, faciliten e posibiliten un sentido de pertenza á comunidade do IES Praia Bararña.

**1.4** Motivando e transmitir con convencemento e entusiamo os principios e propósitos que configuran este proxecto e mobilizar ás persoas ata conseguir os obxectivos fixados da forma máis eficiente e satisfactoria posible para a maioría; recoñecendo e recompensando o esforzo e traballo realizado.

**1.5** Creando estruturas e facilitando tempos e espazos para o fomentando a participación creativa da comunidade educativa e a achegar as súas opinións e ideas.

**1.6** Afrontando riscos. Se o obxectivo é ter un centro transformador que se adapte ás novas necesidades que vaian xurdindo, é preciso non ser unha directora conformista e non ter medo a implicarse en plans, proxectos e iniciativas .

### 2.1.2 Horarios

➔ **OBX1** Configurar horarios que permitan desenvolver e faciliten as actuacións de coordinación docente, innovación e atención á diversidade, principalmente.

**1.1** Xerando unha sesión coincidente ao profesorado titor de cada un dos niveis de ESO.

**1.2**. Xerando unha sesión para o desenvolvemento das titorías de Bacharelato.

**1.3** Limitando a redución de horas por xefatura de departamento real a unha hora para poder destinar o resto a outras necesidades pedagóxicas de centro.

**1.4** Xerando unha sesión coincidente ao profesorado participante da estrutura de *Barrana en reda.*

**1.5** Ampliando as horas de garda ao profesorado que xestionas os *recreativos*, sempre que a demanda do alumnado o xustifique.

**1.6** Flexibilizando, se é posible, os horarios ás demandas pedagóxicas dos equipos docentes..

**1.7** Ampliando o número de horas de docencia directa, reforzos ou desdobre en todos as materias cunha ratio que dificulte o desenvolvemento do currículo e a atención á

diceversidade.

**1.8**. Implementando a impartición da materia de Inglés na Unidade de Educación Especial por unha persoa docente especialista( 2 horas). Algo que se suma ás materias de Música e Educación Física.

### 2.1.3 Oferta educativa

➔ **OBX1** Coidar a oferta educativa para evitar carencias na formación do alumnado.

**1.1** Definindo en CCP os contidos concretos que vertebren a programación da materia de Proxecto competencial en cada un dos niveis.

**1.2** Revisando en CCP a xestión da materia de Alternativa á relixión.

**1.3**. Analizando como recuperar itinerario de Humanidades para 1º de Bacharelato.

**1.4** Garantindo a matrícula das vacantes de alumnado de Bacharelato demandante da modalidade de artes.

➔ **OBX2** Garantir a alfabetización e o desenvolvemento da educación dixital no alumnado.

**2.1** Optimizando unha liña de actuación e formación STEAM.

**2.2** Retomando a valoración da implementación do Bacharelato de Excelencia en Ciencias e Tecnoloxía( STEMBach).

➔ **OBX3** Garantir a alfabetización e o desenvolvemento da formación humanísticas, cultural e artística.

**3.1** Fomentando o desenvolvemento de actividades integradas desenvolvidas dende estas áreas.

**3.2** Participando de iniciativas externas que promocionen e reactiven ao alumnado sensible a estas aprendizaxes.

**3.3** Aproximando ao centro experiencias de profesionais vinculados ao artístico.

**4.5** Desenvolvendo e participando dende a coordinación da biblioteca de programas e iniciativas atractivas e diversas de animación á lectura.

### 2.1.4 Documentación

➔ **OBX1** Explicitar en documentos as liñas de actuación e comunicación que desenvolvemos.

**1.1** Codeseñando e renovando os plans e fluxogramas de actuacións externas:

- O plan *Colabora intercentros* con Praia Xardín-Barraña.
- O proxecto *Espazo Familias Boiro*, a nosa Enapa Colectiva.
- O proxecto *Amarre* co Centro de día.

- O proxecto *Turbina* co Equipo de Xuventude do Concello.
- O proxecto *Enclave* co Concello dentro do cal está:
    - Plan de intervención de saúde mental.
    - Plan de intervención de asuntos sociais.
    - Plan de preservación familiar.

**1.2** De actuacións internas:

- Plan de acollida para o alumnado e familias.
- Guía do docente.
- Infografías para as urxencias de atención de alumnado.

➔ **OBX2** Actualizar e renovar algunha documentación do centro

**2.1** Redeseñando o PEC e o o Plan de atención á diversidade, principalmente.

**2.2** Renovando e ampliando os documentos de uso do profesorado da aula virtual.

**2.3** Aumentando os documentos descargables de uso para o alumnado e as familias da web.

**2.5** Iniciando os pasos para a implementación de Koha, o sistema de xestión de biblioteca.

**2.6** Uniformizando formalmente os novos documentos, a espera do desenvolvemento completo da ferramenta *EduCalidade*.

### 2.1.5 Investigación educativa e innovación

➔ **OBX1** Dar reposta a demanda formativa do Claustro creando itinerarios de continuidade con resposta efectiva na aula e participación do alumnado.

**1.1** Continuando coa liña de internacionalización do profesorado, conseguindo a certificación de *Centro Erasmus +* e desenvolvendo o deseño dun proxecto propio de participación.

**1.2** Ampliando a liña en competencia docente vinculada ás materias que o demandan. As propostas do claustro no momento da redacción do docuemento son:

- Iniciación á tecnoloxía multidisciplinar:
    - Técnicas de deseño
    - Técnicas de cocción de cerámica

**1.3** Recuperando a liña de xestión da convivencia e mediación.

**1.4** Amplliando a liña en competencia pedagóxica vinculada á creación de material e xestión das avaliacións iniciais e dos isntrumentos de cualificación e valoración necesarios.

→ **OBX2** Impulsar a experimentación e o desenvolvemento de novas estratexias e metodoloxías e seguir traballando para que as dinámicas e actuacións colaborativas entre docentes sexan maioritarias.

**2.1** Preservando, coa axuda da Administración, o deseño de horarios que favorezan o traballo do profesorado implicado en innovación.

**2.2** Achegando ou achegándonos a experiencias doutros docentes e axentes educacionais. Programa Observa-acción, por exemplo.

**2.3** Facilitando o descubrimento de lecturas e materiais audiovisuais formativos a través da sección de *Biblioteca docente*, un banco de material na zona do profesorado da aula virtual.

→ **OBX3** Impulsar o estudo, a formación, a experimentación e o desenvolvemento de novas estratexias e metodoloxías que afronten a realidade das aulas.

**3.1** Deseñando horarios de aula que favorezan esta integración ou coordinación. Pensamos, por exemplo, en garantir que dúas materias con actividades integradas ocupen un bloque de dúas sesións, por exemplo.

**3.2** Poñendo en funcionamento experiencias piloto titorizadas ou coordinadas con persoal formado propio ou alleo. As programación integradas, combinadas e/ou proxectos integrados interdisciplinares.

**3.4** Reflexionando e buscando respostas a incidencia da Intelixencia artificial na nosa función pedagóxica e aproximándonos de forma crítica ao uso de ferramentas e aplicacións, que utilizadas polo alumnado incidan no desenvolvemento pedagóxico. Falamos do chat GPT, por exemplo.

→ **OBX3** Reiniciar unha transformación no tratamento das linguas asumindo unha perspectiva ecolingüística.

**3.1** Actualizando e implementando o TIL.

**3.2** Evitando iniciativas segregadoras e discriminatorias por cuestión de lingua.

### 2.2.2 Secuenciación e planificación

→ **OBX1** Unificar e concretar os obxectivos xerais finais do alumnado e as liñas de actuación.

**1.1** Definindo os perfiles de saída de todos os niveis de ESO e incluílos na aula virtual como referente da avaliación.

**1.2** Contribuíndo a que os departamentos deseñen itinerarios formativos onde consensúen os criterios de avaliación e descritores mínimos reais da materia por nivel.

**1.3** Invitando aos departamentos a que no seu reparto de horarios inclúan os criterio

de continuidade entre niveis, segundo contemplen e valoren.

➔ **OBX2** Elaborar programacións didácticas propias.

**2.1** Guiando e acompañando ao profesorado na actualización e contextualización das propostas-modelo da Consellería de Educación.

**2.2**. Simplificando o modelo de información pública das programacións.

### 2.2.3 Avaliación

➔ **OBX1** Insistir na importancia da avaliación inicial.

**1.1** Creando un equipo coordinador da avaliación inicial.

**1.2** Consensuando de forma explícita os obxectivos comúns da avaliación inicial dacordo cos perfiles de saída definidos.

**1.3** Optimizando a xestión das sesións da avaliació inicial para concretar respostas as necesidades do grupo.

➔ **OBX2** Revisar o proceso de avaliación.

**2.1** Ampliando a formación en avaliación por competencias.

**2.2** Reflexionando con profundidade en CCP a análise de resultados.

**2.3** Insistindo na importancia de avaliar e cualificar o proceso de aprendizaxe.

**2.4** Non perdendo de vista os perfís de saída de todos os cursos de secundaria.

**2.5** Realizando o seguimento do proceso.

➔ **OBX3** Revisar o proceso de cualificación.

**3.1** Insistindo na necesidade de diversificar a natureza dos instrumentos de cualificación e os estilos de aprendizaxe que os sustentan.

➔ **OBX4** Facer partícipe do proceso de avaliación ao alumnado.

**4.1** Promocionando o uso do caderno da aula virtual (ou alternativas análogas) para que o alumando poida ver a súa evolución nas cualificacións.

**4.2** Corresponsabilizándoo coa implementación de ferramentas de xestión, autoavaliación e coavaliación dos diferentes procesos.

**4.3** Facilitando a creación de grupos académicos de apoio entre iguais no alumnado de Bacharelato.

### 2.1.6 Órganos de xestión

➔ **OBX1** Crear e consolidar as estruturas horizontais dinámicas de toda a comunidade educativa, que amplian o funcionamento dos órganos colexiados de xestión.

**1.1** Creando ou retomando os equipos de profesorado especializado en áreas ou con

intereses didácticos comúns que desenvolvan diferentes liñas de actuación e coordinen procesos pedagóxicos.

- *Equipo de titoría.* Formadas polo profesorado titor dos grupos, o xefe do Departamento de Orientación e un membro do equipo directivo.
- *Equipos de acción cultural ( Barrana enreda).* Integramos nunha única estrutura ao equipo de biblioteca, o equipo de Normalización e Dinamización, o equipo TIC, o vicedirector e unha persoa docente representante das artes plásticas.
- *Equipo de innnovación educativa.* Formada polo profesorado implicado na experiencia de innovación didáctica. Propoñemos:
  - *Comisión de internacionalización.* Este ano ten como obxecto a certifiación de centro Erasmus + e o deseño do proxecto de participación.
  - *Comisión de coordinación curricular.* Este ano ten como obxecto o deseño e implementación da avaliación inicial.
  - *Comisión STEAM.* Este anos ten como obxecto o deseño dun proxecto integardo STEAM.

**1.2** Fomentando no alumnado a corresponsabilidade do funcionamento da organización e xestión.

- Sistematizando as asembleas de alumnado delegado.
- Ampliando os *Recreactivos* e recuperando, se o alumnado o demanda, os *Coleactivos*[1].

**1.3** Incorporando ao persoal non docente ás dinámicas de centro. Olimpiada da convivencia en 1º de ESO, por exemplo.

**1.4** Abrindo unha liña estratéxica para mellorar a participación das familias no centro.

### 2.1.7 Transporte

➔ **OBX 1** Mellorar o servizo de transporte.

**1.1** Acadando a permanencia das paradas eventuais con histórico de demandas.

**1.2** Demandando unha maior implicación da ANPA na interlocución coa Consellería-

**1.3** Continuar incluíndo na aplicación todas as incidencias que xurdan.

**1.4** Chegando a acordos no Consello Escolar Municipal cos axentes implicados.

**1.5** Seguir reivindicando que o criterio que debe prevalecer nos horarios do

[1] Os *Coleactivos* son unha figura organizativa de xestión formada por alumnado voluntario monitoreado pola Dirección e coordinado por un docente vinculado á área na que se desenvolva. O primeiro *Coleactivo* ( *SomosX*) naceu no 2018-2019.

transporte serán os detrminados dende o centro e non dende ás empresas de transporte.

### 2.1.8 Cafetería

➔ **OBX 1** Fomentar a súa integración no modelo de aprendizaxe que practicamos.

**1.1** Intentando que participe nos programas de promoción a vida saudable que se desenvolven dende diferentes materias e iniciativas e que insisten na eliminación do azúcar e dos ultraprocesados.

**1.2** Solicitando a súa colaboración para o cumprimento das NOF, en especial o consumo e compra entre clases.

### 2.1.9 O económico

➔ **OBX1** Ser un centro eficiente e sostible onde, optimizando os gastos, cubramos as reparacións e dotemos do equipamento preciso para o desenvolvemento da aprendizaxe a todos os departamentos.

**1.1** Seguindo reivindicando a Xefatura Territorial a necesidade de que asuma o orzamento dos arranxos do tellado e as demandas de ampliación dos patios cubertos.

**1.2** Aumentando o orzamento provinte da participación de plans e programas desenvoltos dende a Consellería.

**1.3** Reducindo de consumo; incidindo no control da iluminación, climatización, comunicacións e, especialmente, fotocopias.

**1.4** Continuando domatizando o centro.

**1.5** Aumentando e consolidando relacións confiables e duradeiras con provedores e servizos da contorna máis próxima.

**1.6** Mantendo un remanente proporcionalmente similar ao do curso 2022-2023.

➔ **OBX2** Repensar os criterios de distribución económica interna.

**2.1** Trasladando a idea de que o centro é unha comunidade, e non un conxunto de departamentos independentes, onde debe prevalecer a economía social e solidaria e conseguir así que diminúan os departamentos que completan sistematicamente o seu gasto.

**2.2** Continuar co *Plan de prioridades* (infraestrututales e de equipamento) onde consensuemos criterios para a distribución orzamental e a cronoloxía das actuacións.

### 2.1.10 Comunicación

➔ **OBX1** Aumentar a repercusión e promoción de actividades e actuacións implementadas e desenvolvidas no centro como instrumento para potenciar o sentimento de pertenza e activar a participación.

**2.1** Mantendo actualizada dende a vicedirección a páxina web do centro.

**2.2** Tendo activas as redes sociais vinculadas aos diferentes órganos e, quizáis, traballar cara á centralización de todas nunha (@barranaenreda).

**2.3** Desenvolvendo dende vicedirección dinámicas, físicas e/ou multimedias, que nos permitan coñecer e/ou promocionar as experiencias docentes desenvolvidas. Xornada de portas abertas, espazo web propio…

➔ **OBX2** Garantir a calidade da comunicación interna e externa e implementar mecanismos de promoción e información bilaterais eficaces, que aínda que maioritariamente informatizados, non discriminen a ningunha das familias.

**2.1** Estudando a posibilidade de instalar un servidor externo seguro ou algo similar para o almacenamento da documenatción confidencial.

**2.2**. Configurando horarios con xestións conicidentes que faciliten a coordinación, en especial ás do Equipo de acción titorial.

**2.3** Utilizando unicamente as ferramentas oficiais para a comunicación de toda a comunidade escolar.

**2.4**.Implementando Abalar box como ferramenta de participación do profesorado e alumnado.

**2.4** Mellorando os espazos que preserven a confidencialidade, tamén teléfonica. Para isto engadimos aos teléfonos da sala de profesoardo e da sala de recepción de familias, o teléfono móbil do centro.

**2.5** Favorecendo a lectura fácil e accesibilidade á documentación externa do centro uniformizándoa e seguindo as pautas para a lectura fácil propostas polo *Programa de acción en el ámbito del aprendizaje permanente de la Unión Europea*

### 2.1.11 Espazos, recursos e materais de aprendizaxe

➔ **OBX1** Repensar os espazos para fomentar un modelo de aprendizaxe integral e cooperativo.

**1.1** Flexibilizando a organización espacial da aula consensuando ou favorecendo o cambio e non dando por feito que o "estilo auditorio" é a única distribución posible.

**1.2** Solicitando aos departamentos que deseñen ambientes físicos de aprendizaxe que insistan en contidos e favorezan o proceso educativo xeral.

**1.3** Potenciando a dimensión estética da aprendizaxe creando un entorno que promova un clima de convivencia positivo.

**1.4** Reforzando a biblioteca como o espazo central de aprendizaxe dirixíndoa ao modelo de biblioteca escolar máis axustada *ao Manifiesto UNESCO/IFLA*.

**1.5** Configurando espazos de lecer e de actividade docente e reunión no xardín exterior.

**1.6** Creando un espazo propio para o desenvolvemento de actividade audiovisual do centro( *O plató).*

**1.7** Acondicionando a sala de profesorado para mellorar a convivencia, os tempos de reunión e o acceso a materiais e actividades formativas.

**1.8** Dotando de material complementario de cada materia a Aula C.

**1.9** Ampliar e diversificar os usos do salón de actos ( *Sala multiusos*). Definimos dúas fucións: 1)espazo de estudo silencioso para Bacahrelato e 2) espazo de reunión para o alumando que o solicite.

➔ **OBX2** Buscar unha solución aos problemas estruturales[2] que están a impedir o desenvolvemento seguro do proceso de aprendizaxe.

**2.1** Reivindicando á Xefatura Territoriañ a reforma do tellado e a rehabilitación e ampliación da pasarela ao edificio anexo.

**2.2** Creando un espazo cuberto para poder solución aos recreos en días de inverno.

➔ **OBX3** Ampliar e/ou facer máis eficaces os dispositivos informáticos de uso didáctico.

**2.1** Poñendo en funciomento a aula informática ambulante.

**2.2** Ampliando, se orzamento o participa, os dispositivos informáticos portátiles.

➔ **OBX4** Prescindir da dependencia editorial

**3.1** Creando un banco de material propio e compartido.

### 2.1.12 Acción titorial, orientación pedagóxica e profesional

➔ **OBX1** Acompañar persoal e academicamente ao alumnado ao longo do proceso de formación.

**1.1** Preservando e priorizando na distribución de horarios á reunión do Equipo de acción titorial.

**1.2** Ampliando a función titorial dos cursos de bacharelato cunha sesión explícita para isto.

➔ **OBX2** Actualizar o Plan de acción titorial vixente.

**2.1** Repensando as temáticas e accións e evitando duplicidades.

**2.2** Insistindo na importancia da educación sexual en todos os niveis.

**2.3** Optimizando o cronograma das actividades externas para garantir tempos para a función titorial.

[2] No 2018 presentamos en Xefatura Territorial un dosier coas necesidades técnicas e as posibles solucións dos obxectivos.

**2.4** Ampliando o banco de recursos de “Titoría” da aula virtual.

**2.5** Sistematizando o uso de Abalar.

➔ **OBX3** Facilitar orientacións para mellorar o seu desenvolvemento académico, desenvolver as súas capacidade, integrarse socialmente e canalizar a súa vocación.

**3.1** Continuando coas actuacións incluídas no Plan de Orientación coordinado dende o Departamento.

**3.2** Pedindo colaboración aos departamentos para poder aproximar experiencias profesionais ao alumnado. Programa Mentoring, por exemplo.

### 2.3.1 Convivencia, mediación e resolución de conflitos

➔ **OBX1** Abordar conxuntamente a convivencia para desenvolver un modelo coeducativo vinculado á pedagoxía dos coidados.

**1.1** Insistindo na necesaria implicación do profesorado no control da convivencia, máis alá das súas sesións e aulas.

**1.2**. Mellorando a xestión da Aula C e sistematizando o control de garda da Aula C.

**1.3** Sistematizando a intervención e seguimento do alumnado sancionado por parte de Orientación.

**1.4** Ampliando as alternativas de sanción cos programas de colaboración con outros axentes.

➔ **OBX2** Afianzar e ampliar a rede colaborativa con outros centros, con institucións e axentes sociais e culturais que contribúan á mellora da convivencia.

**2.1** Participando activamente do Consello Escolar Municipal.

**2.2** Ampliando o programa de intervención psicolóxica individualizada con Alba Castelo.

**2.3** Sistematizando o vínculo co programa de voluntariado xuvenil, Proxecto Turbina.

**2.4** Mantendo as reunión semanais de Orientación e xefatura de estudos coa educadora Familiar.

**2.5** Mantendo o traballo do Programa de Preservación familiar con Arela.

**2.6** Mantendo a relación fluída con Policía local e Garda civil e outros axentes de seguridade.

**2.7** Normalizando e sistematizando a relación coa psicóloga do CIM.

**2.8**. Iniciando a relación e comunicación co Traballador do Centro de Saúde.

**2.9** Manter e mellorar a relación cos outros centros escolares do Concello.

➔ **OBX3** Mellorar a participación e relación coas familias.

**3.1** Afondando na sistematización da relación da ANPA co equipo directivo e co

equipo docente.

**3.2** Facendo campañas de sensibilización para que as familias prolonguen o compromiso que tiñan en Primaria coa comunidade escolar.

**3.3** Consolidando a ampliación das actuacións e a incidencia da ENAPA colectiva, Espazo Familias Boiro con programas de conciliación para favorecer a asistencia.

**3.5** Explorando coa ANPA solucións para aumentar a participación das familias.

**3.6** Abrindo as portas ás familias e a contorna con actividades. Xornada de portas abertas, por exemplo.

**3.7** Implementando dinámicas que fomenten e flexibilicen a colaboración e partipación das familias e da contorna no deseño e desenvolvemento de actividades extraescolares dentro e fóra de horario lectivo, segundo o caso.

➔ **OBX4** Actualizar e modificar ás NOF.

**4.1.** Revisando a relación do alumnado cos dispositivos móbiles para crear un espazo sano.

**4.2**. Incorporando a xestión da aula informatica itinerante.

**4.3**. Actualizando as funcións e horarios do persoal non docente.

4.4 Revisando o calendario e xestión das actividades complemenatrias e extarescolares para o alumando de 2º de Bacharelato, especialmente.

➔ **OBX6** Aumentar a participación do alumnado na xestión da convivencia.

**6.1** Aumentando a bilateralidade e incidencia do proxecto de voluntariado xuvenil Turbina no centro en diferentes direccións: como formadoras, animadoras socioculturales e /ou divulgadoras.

**6.2** Creando un buzón de convivencia para o alumnado.

**6.3** Formando ao alumnado interesado en convivencia e mediación.

**6.4** Sistematizando un sistema de avaliación (alumnado e profesorado. Abalar box)) das actividades programadas no Plan de Acción Titorial.

➔ **OBX7** Integrar a mirada do alumnado no deseño de actividades extraescolares e complementarias.

**7.1** Recollendo ás súas suxestións nas actas das xuntanzas de alumnado delegado e na acción titorial.

**7.2** Iniciando ao alumnado na autoxestión, na autonomía e no activismo cultural consolidando e ampliando os Coleactivos. Contamos con: DeBoiroLibros e Hortícolas.

➔ **OBX8** Incidir moito máis na prevención que na intervención.

**8.1** Incluíndo no Plan de Convivencia e no Plan de Acción Titorial actuacións preventivas vinculadas aos protocolos da Consellería e das súas adaptacións ao noso contexto.

### 2.3.2 Inclusión e igualdade e atención á diversidade

➔ **OBX1** Preservar o discurso firme de defensa á igualdade plena para todos os membros da comunidade.

**1.1** Reflexionando para deseñar liñas estratéxicas que respondan a violencia contra colectivos vulnerabilizados e especialmente a cuestionamento social da violencia machista.

**1.2** Animando aos departamentos a que compensen os desequilibrios e desigualdades presentes no discurso oficial que subxace aos seus departamentos.

**1.3** Priorizando o criterio de "pertenza a un colectivo minorizado ou vulnerabilizado" para a programación de actividades de visibilización.

**1.4** Priorizando no deseño das actividades a visibilización de datas, persoas, colectivos e/ou acontecementos relevantes para a formación cultural en valores que insistan na presenza dos colectivos e realidades minorizadas.

**1.5** Eliminando a cartelería e documentación discriminatoria do centro e con presencia de linguaxe non inclusiva.

**1.6** Ampliando a sección feminista da biblioteca.

**1.7** Poñendo o foco na educación sexual nos rapaces para que se aproximen aos medos e a realidade das súas compañeiras e así deconstruír dinámicas e formar novas masculinidades.

**1.8** Deseñando, coa axuda de profesionais externos e en colaboración co CIM de Boiro, un protocolo propio contra as agresións e os acosos sexuais. Programa de Seguridade Sexual, por exemplo.

**1.9** Deseñando actuacións que garantan a participación de todo o alumando nas actividades complementarias. As dificultades económicas serán asumidas dende o centro e poderán conatr coa colaboración de asuntos sociais. Para a viaxe de estudos ou actividades con pernoctación o profesorado que a corrdina debe desenvolver mecanismos participativos de financiamento. Estas actuacións deben ser maioritarias e normalizadas para non incurririr en significacións negativas. Así mesmo, as actividades propostas deben axustarse a criterios orzamentais asumibles pola realidade socioeconómica media das familias que conforman a comunidade.

1.10 Delegando no equipo docente do grupo a reponsabilidade de observar e informar ao profesorado titor, en primeiro lugar, e ao orientador do centr das carencias do alumnado. O equipo directivo intentará buscará respostas.

➔ **OBX2** Mellorar a acollida e/ou continuidade do alumnado novo.

**2.1** Continuando e ampliando as colaboracións cos centros de procedencia e a recepción de alumnado incorporado durante o curso.

**2.2** Continuando coas xornadas de acollida, tamén a Bacharelato.

**2.4.** Estudar a posibilidade implementar a titoría entre iguais ou actuacións similares, especilamente en 1º de ESO.

➔ **OBX3** Traballar para un proceso de aprendizaxe inclusivo que asegure o progreso académico de todo o alumnado e desenvolva as ferramentas e dinámicas precisas.

**3.1** Redeseñando o Plan de Atención á Diversidade do centro que, analizando as medidas desenvoltas para intentar facelas máis eficaces, avalíe a docencia compartida e analice outras posibilidades: desdobre e agrupamentos flexibles, por exemplo.

**3.2** Non participando en iniciativas que agraven a segregación escolar.

**3.3** Estudando a participación das ferramentas posibilitadas dende a Administración para atender ao alumnado que o precise e sumando outras propias como as clases de apoio gratuíto que desenvolve Cruz Vermella.

**3.4** Preservando que as materias de especialidade da Unidade de Educación Especial sexan impartidas por especialistas.

**3.5** Deseñando ambientes de aprendizaxe que respondan as necesidades educativas do alumnado.

➔ **OBX4** Buscar alternativas ao fracaso escolar.

**4.1** Implementando o PDC en 3º de ESO, os reforzos dentro de aula e os desdobres

**4.2** Garantindo a coordinación das sesións de apoio e reforzo ao ser impartidas polo mesma persoa docente de pedagoxía terapéutica.

### 2.3.4 Desenvolvemento emocional, físico e do benestar

➔ **OBX1** Xestionar e promocionar o benestar emocional.

**1.1** Preservando e creando actuacións e estruturas de protección do benestar emocional do alumnado, prestando especial atención a dúas realidades agravadas: a violencia e estorsión sexual e o acoso escolar. O Plan de acción titorial é a primeira ferramenta para isto.

**1.2** Participando do Programa Enclave, xestionado denden o Concello, na liña de actuación vinculada á intervención individual psicolóxica de alumando vulnerable.

Será levado a cabo por Alba Castelo e desenvolto no propiso centro.

**1.3** Revisando as adaptacións dos protocolos renovados pola administración.

**1.5** Incorporando ao capítulo III da PXA, un programa de actividades complementarias e extraescolares que promovan a saúde sicosocial e insistan nas necesidade detectadas ou demandadas na avaliación inicial.

**1.6** Eliminando o uso de dispositivos móbiles.

**1.7** Habilitando un espazo de urxencia ao que poida recurrir a vítima ou o alumando vulnerable.

**1.8** Creando un un *punto de benestar* onde o alumnado atopará a información necesaria para o seu benestar e seguridade emocional.

**1.9** Pensando na creación dun grupo de referencia de socorro formado por alumnado e profesorado formado e/ ou mellorando o funcionamento da Comisión de Convivencia.

**1.10** Deseñando de organigramas claros e completos de acceso fácil.

**1.11** Normalizando a demanda RAOGAL.

**1.11**Mellorando a eficacia da rede externa colaborativa de intervención.

**1.12** Fomentando, se é idóneo -aínda non o analizamos con detemento- o uso de canais de alerta contra o acoso.

➔ **OBX2** Xestionar, promocionar e conservar e protexer o medioambiente.

**2.1** Ampliando o número de actividades que nos vinculen á natureza e ao sostible, abrindo Hortícolas, a participación de toda a comunidade escolar e rehabilitando os patios e os xardíns a través do itinerario formativo incluído no PFPP, por exemplo.

**2.2** Programando experiencias e formacións que contribúan ao desenvolvemento dun pensamento crítico co consumismo e fomenten a economía circular e social, como o proxecto do deseño de espazos e mobiliario e as técnicas de cocción.

**2.3** Contribuíndo á economía local eliminando, sempre que sexa posible, as compras en grandes superficies e/u que requiran envíos.

➔ **OBX3** Xestionar e promocionar o desenvolvemento físico.

